



Estimadas familias:

O motivo da presente circular é convidarvos ao próximo **Magosto** que se celebrará o **mércores 20 de Novembro** a partir das **17:00h** nas dependencias do Colexio.

Durante a celebración do mesmo contaremos con xogos populares, manualidades, pintacaras e, por suposto, con degustación de castañas.

Ademais de reivindicar a castaña como protagonista desta festa, gustaríanos aproveitar a ocasión para traballar cas rapazas e rapaces distintos produtos do outono.

Con este obxectivo propoñémosvos a seguinte actividade:

Entre o luns e o mércores os nenos e nenas poderán entregarlles aos seus titores distintos produtos identificativos da estación na que nos atopamos: castañas, landras, millo, cabazas, etc. Con todo o recolectado, e sempre que o tempo o permita, durante o magosto fabricaremos unha alfombra na que participemos todos. ¡Animádevos! É unha ocasión perfecta para mostrarlle aos máis pequenos que con pequenas contribucións pódense alcanzar grandes obxectivos.

Coma en todo:

¡Se todos colaboramos poderemos conseguir grandes cousas!

